

CONVOCATORIA DE PRAZA DE PROFESOR/A PARA DOCENCIA NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA, NA MATERIA DE:

ÉTICA PROFESIONAL MARCO LEGAL E FILOSOFÍA DO COIDADADO.

CARACTERÍSTICAS DA PRAZA:

Docencia: Teórica

Centro: Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, adscrita a Universidade da Coruña

Lugar: Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña. Campus de Oza

Horario: Mañá/tarde.

Categoría: Profesor/a

Vinculación coa Universidade: Venia docendi

Dedicación: Tempo parcial.

Período: Curso académico 2020/21

PROCEDEMENTO DE ACCESO AS PRAZAS

A provisión de prazas de profesorado da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña rexerese polo disposto na normativa seguinte:

- Decreto 242/2008, de 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade.
- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE de 21 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril (BOE 13 de abril)
- Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DGA de 26 de maio de 2004)
- Os acordos establecidos polos Órganos de Goberno da Escola aplicables a convocatoria.
- A restante normativa xeral de aplicación.

CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para a participación de acceso, dirixiranse á Directora do Centro **no prazo de dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios da Escola (andar baixo) e na web da Escola <http://www.enfermariacoruna.es/>, apartado "Novas"

Os impresos de solicitude estarán accesibles na web da Escola de Enfermaría A Coruña <http://www.enfermariacoruna.es/> no apartado "Novas".

Presentaranse na Secretaría da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, Campus de Oza, Edificio de Ciencias da Saúde.

Xunto coa solicitude deberán presentar a documentación acreditativa de reuniren os requisitos para a participación que se establecen na convocatoria.

Código Seguro De Verificación	FN7Ymd8KFtFXKUObFj7R9w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Rosa Mª Pita Vizoso - Director/a Escola Universitaria de Enfermaría	Asinado	20/11/2020 10:01:25
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FN7Ymd8KFtFXKUObFj7R9w==		



Campus de Oza, s/n. 15006 A Coruña

REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS

Conforme ao establecido na lexislación vixente establécense os seguintes requisitos:

De carácter xeral

- Ter cumpridos dezaioito anos e non haber cumprido os setenta
- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración do Estado, da Administración Autónoma Institucional ou Local, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes as prazas convocadas.

De carácter específico

1. Ser persoal con nomeamento de praza en propiedade ou interinidade, en situación de activo no Servizo Galego de Saúde.
2. Perfil académico.
Estar en posesión dos títulos de Diplomada/o ou Graduada/o en Enfermaría e Doutor/a

DOCUMENTACIÓN

As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán a súa solicitude cos seguintes documentos:

- a. Copia do DNI ou documento equivalente.
- b. Copia compulsada ou legalizada do títulos académicos esixidos para cada figura ou certificación que acredite o pagamento dos dereitos para a súa expedición. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión.
- c. Curriculum Vitae. Para ver modelo entrar na paxina Web da Escola <http://www.enfermariacoruna.es/>. apartado de "Novas"
Os documentos acreditativos do curriculum vitae, presentaranse **encadernados e foliados, na mesma orde e referencia que aparece no curriculum, con separatas en cada apartado**, estendendo ao final unha dilixencia axustada ao modelo.
Todos os documentos deberán acreditarse coa certificación da actividade correspondente (docente/profesor, relator....)
- d. Proxecto docente referido á materia que debe incluír:
Propósito xeral materia.
Competencias da materia
Metodoloxía docente
Avaliación
Para ver información sobre as materias entrar na páxina web da Escola ou na Memoria do título de Graduado/a en Enfermaría pola Universidade da Coruña.
<http://www.enfermariacoruna.es/>
http://www.enfermariacoruna.es/documentos/calidade/Memoria_Modificada_do_Titulo_de_Grao_en_Enfermaria_da_UDC_verificado_pola_ACSUG_8-7-2014.pdf

Código Seguro De Verificación	FN7Ymd8KFtFXKUObFj7R9w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Rosa Mª Pita Vizoso - Director/a Escola Universitaria de Enfermaría	Asinado	20/11/2020 10:01:25
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FN7Ymd8KFtFXKUObFj7R9w==		



Campus de Oza, s/n. 15006 A Coruña

RELACIÓN DE CANDIDATAS/OS ADMITIDAS/OS E EXCLUÍDAS/OS

Nun prazo máximo de cinco días naturais, desde o seguinte a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a Comisión redactará unha acta en que se reflectirá a listaxe de admitidos/as e excluídos/as, segundo os requisitos da convocatoria.

Os aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, que contan a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web da Escola, para poder emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión.

As emendas deberán ser dirixidas á Presidenta/e da Comisión e entregadas no rexistro do Centro.

PROPOSTA DE DESIGNACIÓN

Nun prazo máximo de cinco días naturais, dende o seguinte á finalización do período de emendas, a Comisión redactará unha acta na que se reflectirá a listaxe definitiva coa puntuación acadada por cada un dos concursantes, segundo o baremo establecido; e formulará a súa proposta de resolución na que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

Esa proposta de resolución farase pública no taboleiro de anuncios do Centro, concedéndolle a cada unha das persoas concursantes **un prazo de cinco días hábiles**, contados a partir da publicación, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

As reclamacións deberán ser dirixidas á Presidenta/e da Comisión e entregadas no rexistro do Centro.

Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, a Presidenta/e da Comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Dirección, aos efectos da resolución definitiva, solicitude da Venia Docente a Universidade e comunicación á Consellería de Sanidade.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A constitución da Comisión de selección será aprobada polo Padroado da Escola, actuando como presidenta/e a Directora e como secretaria a Secretaria Académica.

Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación da/o presidenta/e ou da/o secretaria/o da Comisión, serán substituídos respectivamente polos/as profesores/ras do Centro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O profesor/a con nomeamento de interinidade realizará a actividade docente o tempo que dure este nomeamento no Servizo Galego de Saúde.

Código Seguro De Verificación	FN7Ymd8KFtFXKUObFj7R9w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Rosa Mª Pita Vizoso - Director/a Escola Universitaria de Enfermaría	Asinado	20/11/2020 10:01:25
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FN7Ymd8KFtFXKUObFj7R9w==		

